



AtlantTIC impulsa unha tecnoloxía para o control do lavado de mans

xoves, 15 de outubro do 2020 / Sonia Pena

O Centro AtlantTIC da Universidade de Vigo, centrado na investigación e desenvolvemento de tecnoloxías intelixentes, puxo nesta pandemia boa parte do seu potencial ao servizo da loita mundial contra a COVID, argallando propostas e solucións para facerlle fronte. Froito deste traballo abrollaron contribucións como a que deu a coñecer este xoves a Universidade de Vigo e que vén da man dos



investigadores Juan Manuel Santos Gago, Luis Álvarez Sabucedo e Mateo Ramos, do Grupo de Enxeñaría de Sistemas Telemáticos (GIST). Trátase dun proxecto para a unha ferramenta telemática con capacidade para asegurar que nos lavamos as mans (un dos máis importantes hábitos para combater o contaxio) da mellor maneira posíbel.

Na presentación da proposta, que coincide coa celebración este 15 de outubro do Día Mundial do Lavado de Mans, AtlantTIC puxo o foco no que sería o obxectivo concreto da iniciativa: dar forma a unha solución tecnolóxica que ofrezca soporte á aprendizaxe do devandito procedemento hixiénico cotián atendendo ás recomendacións da Organización Mundial da Saúde (OMS). Como explican os investigadores, o proxecto baséase nas técnicas do aprendizaxe a distancia (aprendizaxe autorregulada) e da Intelixencia Artificial para desenvolver unha aplicación para *smartwatch* ou móbil capaz de identificar cando o usuario realizou un lavado de mans correcto e efectivo, sempre en base aos datos que xera o propio dispositivo dixital.

O equipo de AtlantTIC lembra que se ben na actualidade existen dispositivos que permiten levar a conta dos lavados de mans ou *apps* para medir canto tempo se lle dedica a esta tarefa, a detección automática do lavado de mans é un campo "que aínda está nunha fase moi incipiente de desenvolvemento". O proxecto dos investigadores de atlantTic avanza neste camiño baseándose na recolección de datos que se xeran nos diferentes sensores que inclúen os reloxos intelixentes ou *smartwatches*. Os datos recollidos transmítense despois ao móbil da persoa usuaria e alí serán procesados por un algoritmo de clasificación que determina cando se produce un lavado de mans, e se este atende ou non ás recomendacións da OMS.

Actualmente, a investigación atópase na fase de desenvolvemento do algoritmo, na cal os usuarios "piloto" dispoñen dunha aplicación no seu *smartwatch* e outra no móbil para que "apunten" cando se lavan as mans, distinguindo dous tipos de procedemento: o lavado libre e o lavado normativo, que sería o recomendado pola OMS. Os datos que se xeran no reloxo e na *app* do móbil transmítense a un servidor analítico e serven como base para o adestramento de clasificadores fundamentados en técnicas de *Machine Learning*.

dinahos
hospeda este esp

#acultu

galicia Xacobeo

citic

BALIDEA

Revista en PDF:



Descárgaa xa

· OPERACIÓN FEDER Actuacións para o de de produtos innovac aos novos hábitos d ámbito dos contidos interactivos - 205-20
· OPERACIÓN FEDER Plataforma Galega d Agraria - Servizos di de parcelas e explot. 2020000022
· A directora da Amt importancia de acad que os fondos europ dixitalización financ realmente transform

Gali
un terr
para in

Xacobeo 2021